

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 14 de marzo de 2019 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 63, do 1 de abril de 2019, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

Na páxina 16685, na disposición adicional primeira, onde di:

«Poderá participar neste concurso de méritos o persoal docente que non reúna o requisito establecido no artigo 2.d) da presente orde. Estas persoas poderán ser seleccionadas naqueles centros en que non haxa persoas candidatas e o seu nomeamento farase coa obriga de realizar o curso de formación ou, se fose o caso, de actualización de competencias directivas que convoque a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional durante o curso académico 2019/20».

Debe dicir:

«Poderá participar neste concurso de méritos o persoal docente que non reúna o requisito establecido no artigo 2.d) da presente orde. Estas persoas poderán ser seleccionadas naqueles centros en que non haxa persoas candidatas que reúnan os requisitos e o seu nomeamento farase coa obriga de realizar o curso de formación ou, de ser o caso, de actualización de competencias directivas que convoque a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional durante o curso académico 2019/20».

No anexo I, Centros con praza vacante de dirección para o curso 2019/20:

Na páxina 16692, no anexo I, débese eliminar, por duplicidade, o seguinte:

Código	Centro	Concello	Provincia
36009998	CEIP de Mosteiro-Bembrive	Vigo	Pontevedra



Na páxina 16696, no anexo I, débese eliminar, por duplicidade, o seguinte:

Código	Centro	Concello	Provincia
36020131	IES de Mos	Mos	Pontevedra

Na páxina 16694, no anexo I, onde di:

Código	Centro	Concello	Provincia
36000879	CEP de Nazaret	Cangas	Pontevedra

Debe dicir:

Código	Centro	Concello	Provincia
36000879	CEIP de Nazaret	Cangas	Pontevedra

Na páxina 16694, no anexo I, onde di:

Código	Centro	Concello	Provincia
36015068	CEIP Balaído	Vigo	Pontevedra

Debe dicir:

Código	Centro	Concello	Provincia
36015068	CEIP Balaídos	Vigo	Pontevedra

Na páxina 16693, no anexo I, débense engadir os seguintes centros:

Código	Centro	Concello	Provincia
36010009	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	Pontevedra
36016607	CEIP Quintela	Moaña	Pontevedra
36024318	CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas	Pontevedra

